

Titulo do relato: SANTOS

Por traballo que tivese Catuxa nunca descoidou o seu xardín. Dende ben nena aprendeu da tía Natalia a coidar árbores froiteiras, porque flores había poucas no lugar. A terra era escasa e aproveitábase toda para poder matar a fame. Ata os cómaros se apreciaban porque cumpría alindar as vacas neles, sobre todo as paridas que quedaban na corte.

Naqueles tempos uns poucos testos de barro, na Pena do Corvo debaixo dunha enorme figueira, facíana feliz. Nun tiña xeranios case todo o ano. Noutro poñía as begonias que tanto lle gustaban a seu pai. Noutro coidaba das flores de Santos para que nunca faltasen. Noutro tiña unha roseira vermella que era a envexa da rodeada.

Coidaba daqueles tesouros máis que da súa vida, non deixaba que se acercase unha xovenca, nin unha cabra vella, nin tan sequera as pitas cando se botaban do curral.

Co tempo foi quedando terra baldía, as vacas desapareceron das cortes, sobraba onde plantar de todo. Daquela fixo da súa cortiña un enorme xardín e pasou nel as mellores horas da súa vida, entre enxertos e podas, guías e abonados.

Este ano o xardín esmoreceu e só quedaron as flores de Santos para honrar a Catuxa.